

Pandereiteir@s e
festeir@s da beira
atlántica da Galiza



Malmequer

malmequer.vigo@gmail.com

GAVETAS

- Alalá
- Axenda
- Calendario de Festivais de Verán na Galiza 2011
- Concursos e Xornadas
- Cursos
- De Foliada por Galiza
- Discos
- Festivais
- Malmequer
- Novas
- Publicacións
- Resacosix
- Roteiros
- Seráns e Foliadas
- Vai de Baile
- Videos

OS SERÁNS (Sección de consulta)

- Seráns 2009-2010
- Seráns 2008-2009
- Seráns 2007-2008

Real coro toxos e froles no Alalá



Hoxe no Alalá ás 22:30

Partindo de que Real Coro Toxos e Froles é historia viva de Galicia, pero tamén da música tradicional de Ferrol durante o século XX, o equipo de "Alalá" achega hoxe o espírito desta institución, coa súa primeira actuación en 1915, no centenario teatro Jofre de Ferrol, coa primeira gravación sonora que non chegaría ata 1922.

Ao longo do século XX, "Toxos e Froles" fixo do coro o protagonista musical, pero xunta el tamén se preocupou de coidar o grupo instrumental e toda a maquinaria institucional para o mantemento da música tradicional de Ferrol a través de actos culturais. Así, no museo do coro son incontables os premios e condecoracións recibidas, coma o título de "Real" outorgado por Afonso XIII ou a Medalla de Galicia.

"Toxos e Froles" é máis ca un coro de voces, máis ca un centro cultural e máis que ca unha academia. Esta institución é historia viva, non só da música tradicional de Ferrol, senón tamén de toda Galicia.

Comentarios (0) - Categoría: Alalá - Publicado o 27-07-2011 11:54

Ligazón permanente a este artigo

